




# Concello da Coruña

Área / Unidad EDUCACION ED0000 GCS	Documento 23618I00BB	
Código de verificación  1B1Z 4C6D 5U1D 0M46 0F0V	Expediente 236/2024/46	
	Fecha 09-02-2024	

## NORMAS INTERNAS DE FUNCIONAMIENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA ( CEMAC)

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 recolle no seu artigo 23.1 o dereito fundamental da cidadanía a participar nos asuntos públicos, ben directamente ou por medio de representantes libremente elixidos. Tamén como dereito fundamental recollido no artigo 27 da dita norma recóllese o dereito a educación mediante unha programación xeral de ensinanza, coa participación efectiva de todos os sectores afectados.

En desenvolvemento destes artigos, foi recollido no Título II da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación de ámbito estatal no seu artigo 35 que os poderes públicos, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán establecer Consellos Escolares de ámbitos territoriais distintos ao sinalado no artigo anterior (autonómico), así como ditar as disposicións precisas para a súa organización e funcionamento. En todo caso, deberá de garantirse a adecuada participación dos sectores afectados nos respectivos Consellos.

Por outra banda, o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, atribúe a competencia plena a nosa Comunidade Autónoma para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveles e graos, modalidades e especialidades, no ámbito da súa competencia.

Dentro do marco do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobouse a Lei 3/1986, de 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia e o Decreto 44/1988, de 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais. O Decreto sinalado dedica o seu Capítulo III a regular os Consellos Escolares Municipais como órganos de consulta e

participación dos sectores afectados na programación do ensino nonuniversitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Salientar tamén que a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, impulsa de xeito importante a participación cidadá nos órganos e asuntos municipais, que fai necesaria a aprobación polos concellos de normas de carácter orgánico que regulen a participación da cidadanía nos asuntos públicos.

A normativa posterior que ven a incidir na participación cidadá nos asuntos públicos parte dun movemento de democracia participativa en procura dunha gobernanza de todos os actores implicados nas decisións públicas que lles afecten. No que atinxe ao ámbito educativo non debemos esquecer que é nesta cidade onde se constitúe formalmente a Rede Estatal de Cidades Educadoras, (RECE) no ano 1996 cuxa Carta fai especial fincapé, no seu apartado sexto, na obriga dos responsables da política municipal de realizar estudos para manterse informados e de establecer canles permanentes de participación aos individuos e os seus colectivos. Incidindo neste eido, o principio noveno da dita Carta insiste no fomento da participación, a través das organizacións civís e sociais da cidade, como fórmula esencial de achegamento da cidadanía á toma de decisión e como garantía para os poderes públicos do acerto nas actuacións.

Nesta liña, o Consello Escolar Municipal de A Coruña, en diante CEMAC, ven sendo o lugar de encontro para o fomento da cultura de participación e un foro de reflexión e debate da situación educativa do municipio, así como órgano de expresión directa da cidadanía que participa en todo o que teña que ver coa política educativa municipal.

Para poñer en valor este órgano e darlle o valor que merece, precisa dun regulamento de organización e funcionamento para a súa efectividade.



# Concello da Coruña

## CAPITULO I.- NATUREZA E RÉXIME XURÍICO

### Artigo 1. Natureza

O CEMAC constitúese como un órgano colexiado de consulta e participación democrática da comunidade educativa no ámbito municipal.

Forman parte do CEMAC as persoas representantes de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares do municipio.

Concretamente no Concello da Coruña forman parte do Consello Escolar Municipal:

- A alcaldesa ou alcalde ou membro da Corporación en que delegue
- 10 profesores ou profesoras dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos por sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:
  - 6 do ensino público.
  - 4 do ensino privado.
- 6 pais ou nais de alumnos propostos polas federacións de asociacións de pais de alumnos.
- 4 alumnos/as elixidos polos representantes dos alumnos en Consellos Escolares dos centros existentes no municipio.
- 10 membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación municipal, de acordo co establecido no artigo 16.1.b) da Lei do Parlamento de Galicia 3/1986, do 18 de decembro.

### Artigo 2. Finalidade

O CEMAC, como órgano máximo de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, terá como fins os seguintes:

- a) Velar pola consecución do acceso de todos os habitantes do municipio de A Coruña aos niveis educativos, promovendo cantas acción sexan precisas para acadar a igualdade de oportunidades no ámbito educativo e a atención a diversidade.
- b) Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa.
- c) Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.
- d) Promover a participación real, efectiva e continua da comunidade educativa nos centros docentes.
- e) Velar polo cumprimento das competencias propias do municipio en materia educativa.
- f) Elevar propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.
- g) Asesorar ao goberno municipal sobre as iniciativas, políticas e liñas estratéxicas da acción municipal que estean relacionadas ca educación desde unha perspectiva transversal.
- h) Ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal, mediante a elaboración dun informe anual.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

A organización e funcionamento interno do CEMAC rexeráse, ademais de polas normas contidas neste Regulamento, pola seguinte normativa:

- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.
- Decreto 44/1988, de 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- Normativa dos procedementos e de organización municipal.

### **Artigo 4. Sede do CEMAC**

A sede e lugar de xuntanzas do CEMAC e das súas comisión serán os locais municipais que así dispoña o presidente do CEMAC. Así mesmo, este porá a



# Concello da Coruña

disposición do Consello os recursos persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das posibilidades do Concello de A Coruña.

## **CAPÍTULO II.- COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN**

### **Artigo 5. Competencias**

O CEMAC será consultado polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa nas cuestión sinaladas no artigo 18 da Lei 3/1986 e ademais sobre:

- a) A implantación de novas actividades escolares ou extraescolares propostas polo concello.
- b) O fomento de actividades que incidan na promoción dunha escola democrática, científica, libre, plural, con valores, galega e non discriminatoria.
- c) A relación de investimentos en materia educativa.
- d) Calquera outro asunto de importancia para a vida escolar no concello.

Así mesmo, o CEMAC poderá elevar o Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo, en especial sobre as seguintes materias:

- a) Distribución do alumnado a efectos de escolarización, tendo en conta a normativa vixente ao caso.
- b) Cuestións relativas a promoción e extensión educativa.
- c) Adaptación do calendario escolar as necesidades e características socioeconómicas da poboación do municipio.

A estes efectos, as propostas presentadas polos conselleiros/as deberán ser motivadas e precisas e presentaranse por escrito a Presidencia do CEMAC.

### **Artigo 6. Composición**

Son conselleiros/as municipais os nomeados/as polo Concello de conformidade co establecido no Decreto 44/1988, de 11 de febreiro.

Actuará de secretario/a un técnico/a do concello, con voz e sen voto.

No nomeamento dos conselleiros/as deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller.

O mandato dos conselleiros/as será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos alumnos que será de dous cursos académicos. Este mandato poderá rematar antes do prazo indicado, sen concorren algunha das causas contempladas no artigo 7º deste regulamento. Neste caso, o nomeamento do novo conselleiro quedará limitado ao tempo que reste para finalizar o prazo de mandato.

Co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información a cidadanía, o Concello publicará na súa páxina web:

- O nome dos conselleiros/as en cada período de mandato, así como o das entidades que representan.
- As actas das sesións.
- A documentación, tanto sobre os traballos que realice o CEMAC, coma aquela outra que poida resultar de interese para a comunidade educativa e para as familias.

### **Artigo 7. Perda da condición de conselleiro/a**

Os conselleiros/as perderán a súa condición de membros do CEMAC por algunha das seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato
- b) Por renuncia formulada por escrito dirixido a Presidencia do CEMAC
- c) Por falecemento ou incapacidade permanente postas en coñecementodo presidente/a do CEMAC.
- d) Por ser condenado/a por sentenza xudicial firme que o inhabilite para o exercicio de cargos públicos.
- e) Por incumprimento grave ou reiterado da súa función, previa declaración do Pleno do CEMAC.
- f) Por revogación de mandato conferido polas organización que representan ou, cando en virtude da realización de eleccións sindicais ou de renovación dos representantes, se alterase a representatividade das organizacións que efectuaron a proposta



# Concello da Coruña

- g) Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.
- h) As demais previstas na lexislación vixente que impidan o exercicio dun cargo público.

## Artigo 8. Dereitos e obrigas dos conselleiros/as

Os conselleiros/as, que actuarán no exercicio das súas función con plena autonomía e independencia, teñen dereito a:

- a) Asistir e participar con voz e voto nas sesión do Pleno e das comisión de que formen parte, a excepción da secretaria do CEMAC que non ostentará o dereito a voto.

No caso de non poder asistir o conselleiro nomeado ao efecto, poderá ser suplido pola persoa que considere que poda representalo cos mesmos dereitos e obrigas co titular. Esta substitución deberá ser acreditada mediante escrito enviado con antelación mediante calquera medio que permita ter constancia ou ben presentado xustificación no propio acto ante a secretaría do CEMAC.

- b) Acceder a documentación que obre no poder do CEMAC e solicitar copia das actas e da documentación das comisións de traballo e do Pleno.
- c) Dispor da información dos temas ou estudos que desenvolva o Pleno e as comisión de traballo de que formen parte e daquelas que expresamente o soliciten.
- d) Presentar propostas, emendas, mocións e suxestións para a adopción de acordos polo CEMAC ou para o seu estudo nas comisión, de conformidade co procedemento establecido neste Regulamento.
- e) Ostentar, en cantos actos aos que expresamente foran comisionadas polos órganos do Consello, a representación deste, a salvo e sen prexuízo da representación xeral do presidente.
- f) Asistir, sen dereito a voto, a calquera das comisión de traballo nas que non estean integrados, podendo facer uso da palabra excepcionalmente, previa autorización do presidente da Comisión.
- g) Calquera outro que lles sexa legalmente recoñecido.

Son obrigas dos conselleiros/as:

- a) Asistir as xuntanzas do Pleno e das comisión das que formen parte. Neste

senso, o presidente do CEMAC porá en coñecemento do Pleno e das asociacións ou organización ás que representen, os nomes dos membros que incumpran reiterada e inxustificadamente o deber de asistencia as sesión, para os efectos de proposta de nomeamento do sucesor.

- b) Participar nos traballos para os que sexan designados polos órganos do CEMAC.
- c) Gardar segredo sobre as materias e actuacións que expresamente sexan declaradas reservadas polos seus órganos e a debida reservadas deliberacións do Pleno e das Comisións.

## **CAPITULO III.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMAC**

### **SECCIÓN PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN**

#### **Artigo 9. Órganos do CEMAC**

Son órganos do Consello Escolar Municipal de A Coruña:

- a) Unipersoais:
  - 1. A presidencia
  - 2. A Secretaría
- b) Colexiados:
  - 1. O Pleno
  - 2. As comisións de traballo

#### **Artigo 10. Presidente/a**

O presidente/a do CEMAC será exercida pola Alcaldesa ou Alcalde ou membro da corporación local responsable da área de Educación en quen delegue.

Corresponde ao Presidente/a á realización das seguintes funcións:

- 1. Representar ao CEMAC e dirixir a súa actividade.
- 2. Nomear aos vogais a proposta dos respectivos sectores.
- 3. Exercer a dirección dos órganos colexiados do Consello.
- 4. Fixar a orde do día, convocar e presidir as xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, e velar pola execución dos acordos adoptados.
- 5. Presidir as xuntanzas, ordenar os debates e dirimir, co seu voto de calidade, as votacións en caso de empate.





# Concello da Coruña

6. Calquera outras que non estean expresamente atribuídas a outro órgano do CEMAC.

## Artigo 11. Secretaria/o

A secretaria/o do CEMAC será nomeada polo presidente de entre os funcionarios públicos da área de Educación do Concello de A Coruña.

Son funcións da secretaría:

1. Asistir ó presidente na convocatoria das xuntanzas e na elaboración da orde do día.
2. Enviar ós conselleiros, con tempo suficiente para o seu estudo, toda documentación coa que se vaia a traballar nas reunións do CEMAC.
3. Asistir as xuntanzas do Pleno con voz pero sen voto, levantando acta de todas as xuntanzas que se realicen.
4. Expedir, co visto e prace da Presidencia, certificacións de actas, acordos, ditames e asistencias.
5. Custodiar as actas, ditames e acordos do Consello.
6. Proporcionar, previa petición por escrito, a documentación e os medios materiais, se é o caso, que os conselleiros requiran no exercicio das súas funcións.
7. Calquera outra tarefa relativa as funcións xenéricas de secretaría que lle encomende o Pleno ou a Presidencia do CEMAC.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, exercerá a función de secretaría calquera funcionario do Concello de A Coruña.

## Artigo 12. Pleno

O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello, e está integrado por todos os conselleiros, baixo a dirección do seu presidente asistido por quen exerza a secretaría.

Son funcións do Pleno do CEMAC, ademais das establecidas no artigo 5º de este Regulamento, as seguintes:

1. Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.

2. Elaborar, debater e aprobar informes ou propostas que expresen avontade do Consello en materia da súa competencia.
3. Propor ao órgano competente do Concello a modificación do presente Regulamento.
4. Aprobar a memoria anual de actividades e o informe anual sobre a situación do ensino no municipio.
5. Aprobar a creación das novas comisión de traballo.
6. Propoñer aos membros das Comisións de traballo.

Os informes aprobados serán remitidos ao Concello de A Coruña e ao Consello Escolar de Galicia con expresión de se foron aprobados por unanimidade, por maioría ou empate decidido polo voto de calidade do presidente, e acompañados dos votos particulares, se os houbera.

Estes informes serán publicados na páxina web de Educación do Concello da Coruña por orde da presidencia.

### **Artigo 13. Comisións de traballo**

Para o correcto funcionamento do CEMAC as comisións de traballo constitúense como órganos especializados para o estudo e análise dos asuntos específicos que, por razón da materia, lles correspondan. As comisións de traballo do CEMAC serán as seguintes:

- Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.
- Comisión de Planificación e programación de actividades extraescolares.

O pleno do CEMAC poderá modificar, suprimir ou crear outras comisións de traballo, xa permanentes, xa temporais, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen.

As comisións de traballo estará formadas, por 5 membros pertencentes a cada un destes tres sectores: sector docente, sector de usuarios do sistema educativo (pais e nais) e sector social (especialista en temas educativos).

Un mesmo conselleiro/a pode participar nas dúas comisións de traballo

Os presidentes/as e secretarios/as das comisión de traballo serán elixidos por e entre os membros do Consello. O presidente será o voceiro desa comisión ante o Pleno. O secretario da comisión de traballo ostenta dereito de voz e voto.



# Concello da Coruña

## Artigo 14. Funcións das comisións de traballo

Son funcións xenéricas das comisións de traballo:

1. Elevar propostas de actuación ao Pleno
2. Actuar como órganos técnicos do CEMAC, realizando estudos, análises de asuntos concretos e elevando os seus resultados en forma de informes ou propostas de actuación.
3. Calquera outra función que lle sexa encomendada polo Pleno ou Presidente do CEMAC para o correcto desenvolvemento do seu traballo.

## Artigo 15. Funcións da presidencia das comisións de traballo

Son función da presidencia das comisións de traballo:

1. Convocar, a través da secretaria da comisión de traballo, as xuntanzas das comisións.
2. Presidir as xuntanzas e moderar os debates
3. Notificar ao pleno a ausencia inxustificada e reiterada dos membros da súa comisión de traballo.
4. Dar traslado ao Pleno do traballo realizado e das propostas que xurdan na respectiva comisión.
5. Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou o Presidente do CEMAC.

## SECCIÓN II: FUNCIONAMENTO DO CEMAC

O CEMAC funcionará en Pleno ou en comisións de traballo.

### Artigo 16. Réxime de xuntanzas do pleno

O Pleno do CEMAC funcionará en réxime de xuntanzas ordinarias de periodicidade establecida ou extraordinarias, que pode ser, ademais, urxentes.

As xuntanzas ordinarias realizaranse dúas veces ao ano. A primeira cando remate o curso escolar, e a segunda no primeiro trimestre do curso escolar seguinte.

As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo Presidente ou cando o solicite un terzo do número de conselleiros do CEMAC, excluído o secretario. Neste caso deberán solicitalo por escrito, con identificación dos peticionarios asinantes e expresarán o obxecto que se vai a tratar na correspondente xuntanza.

As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas polo Presidente motivando debidamente a súa convocatoria.

### **Artigo 17. Réxime das convocatorias**

As xuntanzas deberán ser convocadas, polo menos, con cinco días hábiles de antelación a súa realización, salvo as extraordinarias de carácter urxente que deberán convocarse, polo menos, con 48 horas de antelación a súa realización.

Coa fin de que os conselleiros poidan exercer as súas funcións con coñecemento dos asuntos que se van a tratar na reunión, facilitaráselle os membros do CEMAC toda a documentación relativa ós asuntos da orde do día que se vaian a tratar con antelación suficiente para o seu estudo e valoración.

Non poderán ser obxecto de deliberación asuntos que non estean na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros así se acorde por maioría ao comezo da sesión.

As xuntanzas do Pleno non son públicas, sen prexuízo de poder convocar, a osos efectos de escoitar o seu parecer ou recibir un informe sobre un tema concreto, a representantes de asociacións.

Así mesmo, a proposta do presidente, poderán asistir asesores externos tecnicamente cualificados para asesorar nas materias obxecto de debate. Estes expertos actuarán con voz pero sen voto.

As xuntanzas respectarán o principio de unidade de acto, procurando que terminen o mesmo día do seu comezo. De non ser así, o presidente poderá levantar a xuntanza e os asuntos non debatidos incluíranse na orde do día da seguinte xuntanza.

### **Artigo 18. Quórum**

Para a válida constitución do Pleno, en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia do presidente/a e secretario/a, ou no seu caso de quen os substitúan, ea metade dos vogais do CEMAC.



# Concello da Coruña

En segunda convocatoria, que terá lugar 30 minutos máis tarde, será suficiente a asistencia do presidente/a, do secretario/a e un terzo do número de vogais do CEMAC.

De non acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días hábiles.

O quórum esixido deberá manterse durante toda a xuntanza. De non ser así, o secretario advertirá desta situación ao presidente/a que levantará a sesión.

## Artigo 19. Acordos

Os acordos adoptaranse sobre o conxunto do informe por maioría de votos dos asistentes. Poderanse formularse votos particulares.

En caso de empate, realizarase unha nova votación e de persistir, decidirá ovoto de calidade do presidente.

O voto é persoal e indelegable e non se admitirá o voto por correo.

O sistema normal de votación será a votación ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desistencia ou abstención.

Calquera membro poderá solicitar que conste en acta o sentido do seu voto.

O/a presidente/a someterá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.

## SECCIÓN III: FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS DE TRABALLO

### Artigo 20. Réxime de xuntanzas

O réxime de xuntanzas da Comisión de traballo será o seguinte:

1. A Comisión de traballo non terá un réxime ordinario de realización de xuntanzas, realizando estas cando así se estime necesario para o seu labor.
2. Para a válida constitución da Comisión de traballo será necesaria a presenza do Presidente/a, o Secretario/a e un/unha vogal da Comisión.

3. Será función do Secretario/a levantar acta da celebración das sesión das comisións de traballo, das que dará conta ao pleno.

## **SECCIÓN IV: DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS**

### **Artigo 21. Actas**

De cada xuntanza levantarase unha acta polo secretario/a do órgano correspondente, que será asinada por este/a co visto e praxe do presidente/a.

En cada acta deberá figurar polo menos:

1. Lugar, data e hora de comezo e fin da xuntanza
2. Relación de membros asistentes a sesión.
3. Carácter ordinario, extraordinario ou urxente da sesión
4. Acordos tomados, sinalando a forma en que foron adoptados, cos votos a favor, en contra e abstencións, e os seus motivos cando o soliciten expresamente os interesados
5. As intervencións dos conselleiros de xeito sucinto.
6. Incidencias de importancia que, a xuízo do secretario/a, se produzan no transcurso da sesión.

Cando non se realice a sesión por calquera motivo, o secretario/a suplirá cunha dilixencia autenticada coa súa firma e co visto e praxe do presidente/a, na cal se farán constar as causas da súa non realización e, no seu caso, o nome dos asistentes e dos que se escusaran.

As actas someteranse a aprobación como primeiro punto da orde do día da seguinte xuntanza, sen que en ningún caso poida modificarse o fondo dos acordos adoptados, cabendo soamente a corrección dos meros erros materiais ou de feito.

## **CAPITULO IV.- EMISIÓN DE INFORMES**

### **Artigo 22. Informe anual sobre o estado do ensino no concello**

O CEMAC elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará a Corporación Municipal, a Consellería competente e ao Consello Escolar de Galicia.



# Concello da Coruña

Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano e referirse o curso académico pechado.

O informe, unha vez aprobado, será publicado na páxina web de Educación do Concello de A Coruña.

## **DISPOSICION DERRADEIRA**

As presentes normas internas de funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello da Coruña entrarán en vigor coa súa aprobación, e serán obxecto de publicación na páxina web do servizo municipal de Educación co ánimo de dar coñecemento do seu contido.